

O Mercado

Exercicios con solución

1. - Que é o mercado? Trátase sempre dun lugar físico?
2. - Como se denomina o valor dun ben expresado en diñeiro?
3. - Cita un ben complementario e outro substitutivo para cada un dos bens do cadro.

Bens	Complementario	Substitutivo
Pluma Aspiradora Dvd		

4. - Cita dous exemplos para cada unha das seguintes categorías de bens: inferiores, normais e de luxo.
5. - Explica o efecto que produce na curva de demanda das cereixas unha suba do prezo das cereixas.
6. - Sinala como afecta á curva de oferta das cereixas unha suba do soldo dos traballadores e traballadoras que as recollen.
7. - Supoñendo que o prezo da carne de tenreira permanece constante, como lle afecta á demanda da carne unha suba da renda?
8. - Se o viño e a cervexa son bens substitutivos, a demanda de viño diminuírá se sobe o prezo, explica como se comporta a demanda de cervexa.
9. - Cal será o efecto da publicidade sobre a demanda dun ben?
10. - Se aumenta o prezo da madeira, que sucederá coa oferta dos mobles.?
11. - Dadas as seguintes funcións de oferta e demanda no mercado dun determinado ben:
 $Q_o = 170 + 5 p$ e $Q_d = 283 - 8 p$
 - a) Determina o prezo e a cantidade de equilibrio.
 - b) Representación gráfica.
 - c) Determina un prezo no que o mercado se caracterice por unha situación con exceso de demanda e outro prezo no que se caracterice por exceso de oferta.

12. - Completa o cadro seguinte no que se mostran os datos de prezo, demanda e oferta do mercado de MP3:

Prezo	Cantidade demandada	Cantidade ofrecida	Situación do mercado	Presión sobre os prezos
100	500	1.100	Exceso de oferta	diminúen
90	700	1.000		
80	900	900		
70	1.100	800		

13. - As cantidades ofrecidas e demandadas do ben X son as que se sinalan nas seguintes:

Prezo	Cantidade demandada	Cantidade ofertada
8	24	3
15	15	15
17	6	12

- Representación gráfica das curvas de oferta e demanda para este ben indicando o punto de equilibrio do mercado.
- Que desequilibrio observamos no mercado para un nivel de prezos de 17 euros/ud. Que solución se pode dar para acadar o equilibrio.?

14. - Dadas as seguintes funcións de oferta e demanda no mercado dun determinado ben:

$$Q_o = p - 5 \quad \text{e} \quad Q_d = 200 - 4 p$$

- Determina o prezo e a cantidade de equilibrio.
- Representación gráfica.
- Determina un prezo no que o mercado se caracterice por unha situación con exceso de demanda e outro prezo no que se caracterice por exceso de oferta.

SOLUCIÓN

1. - Que é o mercado? Trátase sempre dun lugar físico?

O mercado é toda institución, en que os bens, servizos e factores produtivos se intercambian, seguindo o xogo da oferta e demanda.

Non. Pode non ser un lugar físico, por exemplo o mercado por Internet.

2. - Como se denomina o valor dun ben expresado en diñeiro?

Prezo. Mide o valor dos bens e servizos en termos monetarios.

3. - Cita un ben complementario e outro substitutivo para cada un dos bens do cadro.

Bens	Complementario	Substitutivo
------	----------------	--------------



Pluma Aspiradora Dvd	Tinta Bolsas Pantalla	Bolígrafo Vasoira Vídeo
----------------------------	-----------------------------	-------------------------------

4. - Cita dous exemplos para cada unha das seguintes categorías de bens: inferiores, normais e de luxo.

Bens inferiores. -O pan de broa, as zocas

Bens normais. - Unha neveira, o leite.

Bens de luxo. - As xoias, un iate.

5. - Explica o efecto que produce na curva de demanda das cereixas unha suba do prezo das cereixas.

Un movemento ao longo da curva de demanda.

6. - Sinala como afecta á curva de oferta das cereixas unha suba do soldo dos traballadores e traballadoras que as recollen.

Un incremento dos custos de produción produce un desprazamento da curva de oferta cara á esquerda, é dicir, contráese.

7. - Supoñendo que o prezo da carne de tenreira permanece constante, como lle afecta á demanda da carne unha suba da renda?

Neste caso ao considerar a carne de tenreira un ben normal, provócase un desprazamento da curva de demanda cara á dereita, expándese.

8. - Se o viño e a cervexa son bens substitutivos, a demanda de viño diminuírá se sobe o prezo, explica como se comporta a demanda de cervexa.

Ao ser bens substitutivos ao subir o prezo do viño consumirase máis cervexa, a curva de demanda de cervexa desprázase cara á dereita.

9. - Cal será o efecto da publicidade sobre a demanda dun ben?

Provócase un cambio nas preferencias, se o produto se pon de moda consumirase máis, provocando un desprazamento na curva do ben cara á dereita

10. - Se aumenta o prezo da madeira, que sucederá coa oferta dos mobles?

Un incremento dos custos de produción produce un desprazamento da curva de oferta cara á esquerda, contráese.

11. - Dadas as seguintes funcións de oferta e demanda no mercado dun determinado ben:

$$Q_o = 170 + 5 p \quad Q_d = 283 - 8 p$$

a) Determina o prezo e a cantidade de equilibrio.

b) Representación gráfica.


c) Determina un prezo no que o mercado se caracterice por unha situación con exceso de demanda e outro prezo no que se caracterice por exceso de oferta.

a) $170 + 5 p = 283 - 8 p$ Iguálanse a función de oferta e a de demanda e resólvese o sistema de ecuacións. $5 p + 8 p = 283 - 170$; $13 p = 113$; $p = 113/13 = 8.7 \text{ €}$; $Q = 170 + 5 \times 8.7 = 213.5$

O punto de equilibrio: **Q =213.5 p =8.7**

b) Facer a representación:

p	$Q_o = 170 + 5p$	$Q_d = 283 - 8p$
1	175	275
5	195	243
10	220	203
15	245	163
20	270	123



c) Exceso de demanda prodúcese para calquera prezo inferior a 8,7 € e o exceso de oferta prodúcese para prezos superiores a 8,7 €.

12. - Completa o cadro seguinte no que se mostran os datos de prezo, demanda e oferta do mercado de MP3:

Prezo	Cantidade demandada	Cantidade ofrecida	Situación do mercado	Presión sobre os prezos
100	500	1.100	Exceso de oferta	Diminúen
90	700	1.000	Exceso de oferta	Diminúe
80	900	900	Equilibrio	Ningunha
70	1.100	800	Exceso de demanda	Aumentan

13. - As cantidades ofrecidas e demandadas do ben X son as que se sinalan nas seguintes:


Prezo	Cantidade demandada(Qd)	Cantidade ofertada (Qo)
4	24	3
10	12	12
17	6	16

a) Representación gráfica das curvas de oferta e demanda para este ben indicando o punto de equilibrio do mercado.

b) Que desequilibrio observamos no mercado para un nivel de prezos de 17 €/ud? Que solución se pode dar para acadar o equilibrio?

a) Representación gráfica:

P	$Q_o = 170 + 5p$	$Q_d = 283 - 8p$
4	3	24
10	12	12
17	16	6



O punto de equilibrio alcánzase cando $P = 10$ e $Q = 12$

b) Exceso de oferta. Producirase unha baixada dos prezos ata alcanzar o prezo de equilibrio.

14. - Dadas as seguintes funcións de oferta e demanda no mercado dun determinado ben:


$$Q_o = p - 5 \quad Q_d = 200 - 4p$$

- Determina o prezo e a cantidade de equilibrio.
- Representación gráfica.
- Determina un prezo no que o mercado se caracterice por unha situación con exceso de demanda e outro prezo no que se caracterice por exceso de oferta.

$$a) \quad p - 5 = 200 - 4p \quad p = 41 \quad Q = 36 \text{ punto de equilibrio } (36, 41)$$

b) Representación gráfica:

p	$Q_o = p - 5$	$Q_d = 200 - 4p$
10	5	160
20	15	120
45	40	20



- Exceso de demanda dáse cando o prezo < 41
 Exceso de oferta o prezo > 41